



Fundamentos de márketing e comunicación. O idioma como elemento diferenciador

Santiago de Compostela,
29 de setembro e 6 de outubro de 2022
www.ctnl.gal

Por que este curso?

A **finalidade** desta actividade formativa é dotármonos de **estratexias, ferramentas e argumentos para traballar co tecido socioeconómico** co fin de que as empresas e os negocios incorporen a lingua galega á súa estratexia comunicativa como un elemento de prestixio e de diferenciación.

Cales son os obxectivos?

- ✓ Transmitir os elementos fundamentais do márketing e da comunicación.
- ✓ Coñecer a aplicación destes elementos aos negocios, empresas e institucións.
- ✓ Entender a importancia da venda por valores, asociándoa especialmente á lingua galega.
- ✓ Elaborar e transmitir argumentos a favor do uso da lingua galega como elemento diferenciador e de prestixio en empresas e negocios.
- ✓ Incentivar a creación de accións de normalización lingüística dirixidas ao sector socioeconómico destinadas a convencer e a reflexionar sobre a importancia do uso do idioma.

Como aprenderemos?

Será un **curso práctico** onde se abordarán **conceptos teóricos e argumentos a través de exemplos galegos de boas prácticas**, co fin de **elaborarmos conxuntamente un argumentario e estratexias para traballar co sector socioeconómico**.

Quen nos vai guiar e axudar?

Xosé Luís Reza, presidente do Clúster do E-Commerce Galego e presidente fundador de Markea e do Clúster da Comunicación de Galicia. Licenciado en Administración e Dirección de Empresas pola USC, MBA pola Escola de Negocios Caixanova e máster en eBusiness pola Universitat Politècnica de Catalunya.

Desenvolveu toda a súa carreira en diversas responsabilidades de márketing e comercialización en compañías como R Cable e Telecomunicacións Galicia, Fundación Semana Verde, Grupo Tecam e La Voz de Galicia. Na actualidade é socio consultor de iuni strategic marketers, ademais de profesor en varias escolas de negocio de Galicia.

Organiza



Colaboran



Cal é o programa do curso?

O curso combinará contidos teóricos con actividades prácticas e de reflexión conxunta, todo adaptado á realidade do traballo de normalización da lingua.

Abordaranse os seguintes **contidos**:

1. O cliente como centro de atención das empresas
2. Concepto de márketing
3. O Plan de márketing
 - a. Estudo de mercado. Análise da empresa e do contorno
 - b. Márketing estratéxico
 - i. Posicionamento. Valores
 - ii. Vantaxe competitiva
 - iii. Segmentación do mercado
 - iv. Definición de obxectivos
 - c. Márketing operativo
 - i. Produto
 - ii. Prezo
 - iii. Distribución
 - iv. Comunicación
 - d. Comárketing: unha ferramenta especialmente útil para as pequenas e medianas empresas
 - e. Márketing relacional: o cliente como centro dunha relación duradeira

En cada un dos apartados procuraranse **exemplos galegos de boas prácticas**, e buscaranse **aplicacións reais para sectores que queiramos axudar na súa estratexia de comunicación** co fin de que vexan no galego un valor comunicativo de prestixio e diferenciador.

Cal é a duración total?

- ✓ **10 horas presenciais**, distribuídas en dúas sesións de 5 horas.

Quen pode participar?

- ✓ Técnicos/as de servizos de normalización lingüística (SNL)
- ✓ Docentes ou responsables de EDNLG
- ✓ Traballadores/as de empresas, asociacións e outras entidades relacionadas coa normalización da lingua
- ✓ Persoas interesadas en traballar pola normalización da lingua

Límite de prazas: **25**.

Onde será o curso?

- ✓ **Na aula B10 da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela** (Campus Norte, avenida de Castelao, s/n, Santiago de Compostela)

Cales son os prazos e as datas?

Prazos e datas	Día e horario
Prazo de inscrición no curso	Do 12 ao 25 de setembro de 2022
Publicación da listaxe de persoas admitidas	O 26 de setembro de 2022
Prazo para o pagamento do curso	Do 26 ao 29 de setembro de 2022
Datas de desenvolvemento das sesións do curso	<ul style="list-style-type: none">• Xoves 29 de setembro• Xoves 6 de outubro
Horario de todas as sesións	De 16.00 a 21.00 h

Gústame! Para apuntarme?

A través do **formulario** que se habilitará para o efecto no web www.ctnl.gal entre o 12/09/2022 e o 25/09/2022.

Dado que o **número de prazas é limitado**, respectarase a orde de inscrición con preferencia para os/as socios/as da CTNL.

Non se debe pagar a cota de inscrición até que non se publique a listaxe de persoas admitidas.

Organiza

Colaboran

As persoas admitidas deben ingresar o importe da matrícula na conta da CTNL en Abanca número ES18-2080-0377-04-3040004060, indicando o nome completo e mais o concepto "Curso márketing".

Se unha persoa está na listaxe de admitidas e non vai participar no curso, **debe comunicalo** por teléfono ou correo electrónico o máis axiña posíbel, para así poder incorporar, con suficiente antelación, a seguinte persoa da listaxe de agarda.

E canto custa?

- ✓ Para socias/os da CTNL: 25 euros
- ✓ Para estudantes, bolseiras/os e desempregadas/os non socios/as: 40 euros
- ✓ Para non socias/os da CTNL: 75 euros

+info

Entra en www.ctnl.gal

Escribe a info@ctnl.gal

Chama ao 629 571 950

Organiza



Colaboran



CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES